

O BNG PODE... e non queremos conformarnos.

O progresismo do PSOE desínflase ao par da burbulla inmobiliaria.

Aínda que o peor estea por chegar, a crise financeira do modelo neoliberal que domina a economía mundial está xa a ser sufrida directamente por galegas e galegos no prezo da enerxía, alimentos e materias primas. E coma sempre, **as receitas que se anuncian dende o Goberno do Estado, tanto ten que governe o PP coma o PSOE, van na mesma dirección.** Acoden en auxilio dos poderosos en apuros e piden moderación salarial aos traballadores, contención e paciencia a quen precisa dos servizos públicos para sobrevivir con dignidade e atrasan con mil desculpas os compromisos de infraestruturas con Galiza.

A crise económica pero sobre de todo a submisión ás receitas neoliberais, rematou en menos dun trimestre co ciclo electoral ascendente do PSOE. Os segmentos sociais que fuxían das políticas do PP eran atraídos sen dificultade pola propaganda das reformas sociais sen dotación económica que repartiú a oito Zapatero pero espertaron no choque coa realidade.

Podemos e non queremos conformarnos.

Da erosión electoral que por estas razóns pode sufrir o PSOE nas próximas eleccións galegas, é difícil que resulte unha recuperación do PP cuxa política nefasta está aínda moi fresca na memoria da cidadanía, pero sobre todo é algo que Galiza e o BNG non se pode permitir e de nós depende.

So con recuperar os votos que perdemos nas anteriores eleccións, a pouco que rendabilicemos a participación no Goberno da Xunta é suficiente para dar un gran salto e situar ao nacionalismo en mellores condicións no goberno galego.



Se o BNG é quen de facer unha reflexión colectiva sobre o que supuxo a participación no Goberno da Xunta, a primeira vez que o nacionalismo está presente en funcións de goberno no País, que aprendemos, que fixemos ben, que fixemos mal, etc... e sobre todo que podemos mellorar, se somos quen de compartir a reflexión coa base social que nos levou a ser a segunda forza política do País o éxito está asegurado.

Compre abrir o BNG e non pechalo por reflexos automáticos de burocracia. Compre restaurar a confianza dos segmentos da sociedade que sempre nos apoiaron e non tratalos como meros consumidores de propaganda política. Temos que convencelos de **que un BNG menos pexado polo socio de goberno, será capaz de ser máis audaz nas políticas** para que o noso medio rural sexa a garantía da soberanía alimentaria, que os recursos naturais serán sobre todo para beneficio social, que o aforro das

galegas e galegos debe apoiar aos sectores produtivos estratéxicos e que para iso compre reformar a lei de caixas de aforro, e un longo etc. de medidas a prol do País.

Cara as Eleccións Autonómicas de marzo de 2009 o traballo das persoas que integramos o BNG debe ser un esforzo importante e xeneroso, coma sempre, pero consideramos que previamente debemos inducir na Asemblea do BNG, preceptiva para a designación do Candidato á Presidencia da Xunta, unha reflexión seria sobre o traballo feito polo Goberno e a **tirar as conclusións pertinentes tras esta primeira experiencia histórica do nacionalismo no Goberno Galego.**

Así avanzaremos.



★ **Quen somos os do Encontro Irmandiño?**

Nacemos no proceso de debate da XII Asemblea do BNG como lista da citada asemblea para defender o asemblearismo que pretendía liquidar, como así aconteceu por unha diferenza de moi pouquiños votos, a maioría dominante no BNG.

Na nosa 1ª Asemblea definimos a nosa concepción da política e na 2ª Asemblea decidimos converternos en corrente organizada dentro do BNG.

Somos e facemos BNG. Estamos nos órganos de dirección e asumimos as responsabilidades. Estamos a enfrontar esta situación dende a diferenza pero tamén dende a lealdade á organización. Se entramos é para traballar nas responsabilidades políticas que nos ten asignado a militancia.

Nós, entendemos a democracia non só como a decisión das maiorías senón tamén como o respecto escrupuloso das minorías. Aquí reside a tensión democrática que defendemos, porque senón acabamos por converter a política interna do BNG nunha dialéctica de alícuotas de poder excluíntes cando deberían ser inclusivas.

www.encontroirmandinho.org / info@encontroirmandinho.org

★ **Son os nosos obxectivos políticos**

A rexeneración democrática auténtica, profunda e efectiva do BNG, o traballo por un BNG frentista e asembleario, activo e vivo, participativo e capaz de reforzar o peso das políticas nacionalista e de esquerda nas institucións.

A defensa dun BNG asembleario co espírito fundacional de Riazor, UN NON ROTUNDO ÁS ASEMBLEAS POR DELEGADOS

A diferenciación clara do proxecto político, o BNG como ferramenta política e o plano da acción institucional, o BNG como forza de goberno na institucións autonómicas e locais, para que deixen de estar confundidos.



SON OS NÓSOS PRINCIPIOS ÉTICOS E IDEOLÓXICOS

1. A ética na política. Sen ética non hai democracia, e na esquerda, ética de esquerdas.

2. Fraternidade, no senso da hexemonía da “lei civil”. A fraternidade significa politicamente o principio da cidadanía igualitaria como alicerce da estruturación política democrática da sociedade, significa democracia horizontal. Nunha organización política ven significar asemblearismo.

3. Cooperación, como valor antitético da “competición”. Afirmamos que non pode haber socialismo nin esquerda sen que as pautas de conduta individual e de relación social consistan na cooperación. Afirmamos que, sen esa condición, nin sequera pode haber democracia, non hai esquerda que poida sobrevivir coa competición no seu seo.

4. República. A república é unha forma de civilización e cultura socio-políticas. Asumimos a república como cultura civico-política, non só como configuración do aparello do poder político e do Estado. O nacionalismo galego foi sempre explicitamente republicano e non pode ser doutro xeito.

5. Democracia participativa. Sen democracia participativa non hai democracia posíbel. Sen participación a democracia representativa esclerotízase e deriva en oligarquía, os partidos convértese en “aparatos” e as cámaras de representantes en parodias. Propugnamos reconstruír pontes entre a cidadanía e a instancia política, cos seus piares no tecido asociativo horizontal e diverso da cidadanía.

6. Primacía dos dereitos colectivos. Porque a alternativa á asunción deste valor non é outra que o “sálvese quen poda”, a negación mesma da organización social.

7. Igualitarismo. Este valor está proclamado en todas as constitucións políticas e cartas de dereitos fundamentais de todos os estados e institucións internacionais. Sen embargo a desigualdade agrávase, convertendo en papel mollado estas proclamas. Referímonos especialmente á desigualdade perante a lei -e non só as desigualdades económicas, sociais e culturais- ou sexa, ao principio democrático da “igualdade perante a lei”. Ao tempo proclamamos que non pode existir igualdade sen dereito á diferenza e respecto da diversidade.

8. Autodeterminación cara a independencia. Só o combate pola nosa autodeterminación como pobo, orientada cara a independencia, poderá chegar a algures, só esa actitude suscitará respecto cara nós e os nosos dereitos cívico-políticos. Porque o problema sono eles, os chauvinistas españois de diversas cores, compre elevar o ángulo de tiro na nosa pacífica e cívica proposta para chegarmos alén das súas posicións. E dende aí sempre estaremos a tempo de negociar, se se acepta o uso da razón para acadar solución satisfactoria para a nosa reivindicación nacional.

9. Socialización. Non pode haber democracia real e efectiva sen socialización como eixo do avance histórico dos pobos. Mais non pode consistir na simple nacionalización ou colectivización das unidades e medios de produción, nin cinxirse á instancia económica de sociedade. A socialización é un proceso constante de aprendizaxe da convivencia, en interacción co seu contorno. Compre un debate de ideas amplo e veraz sobre a socialización e o socialismo na Galiza de hoxe e na conciencia nacionalista na presente conxuntura histórica.

10. Home novo/muller nova, unha nova cultura. O logro do “home novo”, dun novo humanismo, constitúe o cerne de todo proceso revolucionario. Nós consideramos que todo nacionalismo emancipador é, no seu cerne, revolucionario. Xa era así na revolución irmandiña galega do século XV, na que os nosos ancestros servos, procuraban ao seu xeito o nacemento do “home novo” nas condicións do seu propio tempo histórico. Esa revolución pioneira na Europa de entón deixou unha pegada indelével na que, máis tarde, chegaría a ser a cultura do nacionalismo galego.

Membros da Coordinadora elexidos na Asemblea de 28/06/08

Amor Faya, Cristina	Mouriño Alfonso, Ramon
Beiras Torrado, Xosé Manuel	Noriega Sanchez, Martiño
Constenla Vega, Xosé	Pérez Docampo, Iolanda
Díaz Carrodegua, Mónica	Piñeiro Díaz, Ildefonso
Eyre Dieguez, Luis	Taboada Suárez, Xosé Manuel
López Rico, Mario	Trigo Durán, Francisco
Maceiras Sánchez, Flor	Trigo Portela, Concepción



Martiño Noriega, **Alcalde de Teo e médico**

Lastre (do ant. alemán last, "carga, peso") m.1. Carga que se coloca no fondo da embarcación ou nos globos aerostáticos para regular o seu peso e estabilidade. 2 . fig. Calquera cousa que entorpece, traba ou impide facer o que un quere, e da cal resulta difícil desprenderse.

Toda organización política, e niso o nacionalismo galego artellado no BNG non é unha excepción, tende, na medida na que acada responsabilidades institucionais, a modular os seus posicionamentos e a marcar os tempos das súas reivindicacións. O discurso instálase aquí ás veces, no campo dos tacticismos que conviven coa realidade do posíbel e do día a día, e tamén nunha valoración que parte de que a unha sociedade desideoloxizada débese ofrecer un xestor do presente eficaz, sen moitas pretensións e cun perfil asumíbel. Isto, que pode resultar rendíbel para forzas que naceron e medraron no sistema político do mal chamado consenso constitucional, resulta complexo e perigoso para forzas que, como o BNG, tiveron a súa razón de ser na necesidade de transformar a realidade social e o estatus colectivo deste país.

A homologación non é sinónimo de éxito e soltar peso, ás veces, tampouco é unha fórmula que marque o camiño da vitoria. A propia dualidade conceptual do lastre como elemento que proporciona estabilidade (a un proxecto por exemplo) ou aquel que cómpre eliminar para facer o que un quere (gobernar sexa como sexa) resulta bastante clarificador.

Cando xa non falamos de soberanía porque "a xente nos identifica nesas coordenadas", nin de esquerda porque "a nosa praxe sempre foi de esquerdas" e incluso temos a ben deixar no faiado dos trastos vellos a bandeira do noso comportamento ético porque "a cidadanía está xa cansa de que lle lembremos sempre o éticos que somos", corremos o risco de esquecer para que e por que traballamos politicamente en Galiza.

Os compañeiros e compañeiras do BNG organizados como corrente de opinión no Encontro Irmandiño pensamos que, axustándonos aos novos tempos e ás novas demandas sociais, resulta fundamental manter vixentes, vivos e presentes os principios fundacionais que dan e deron a razón de ser ao BNG e o converteron nun colectivo de referencia para todos os segmentos máis activos da sociedade galega. Facémolo dende o convencemento de que so así o BNG será quen de conciliar realidade e xestión con capacidade de transformación. Facémolo dende a lealdade e o amor ao proxecto nacionalista no que levamos traballando tantos anos, porque coidamos que nesa aposta xogámonos a posibilidade de liderar un proxecto que modernice con xustiza e sen amnesia colectiva a un país dono de si mesmo.

Publicado en **A NOSA TERRA**